

**INFORME CLIMATOLÓXICO  
MES DE XUÑO DE 2015**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES .....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....</b>	<b>4</b>
<b>3</b>	<b>RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....</b>	<b>6</b>
<b>4</b>	<b>TEMPERATURA .....</b>	<b>6</b>
<b>4.1.</b>	<b>Temperatura media das máximas. ....</b>	<b>9</b>
<b>4.2.</b>	<b>Temperatura media das mínimas. ....</b>	<b>10</b>
<b>4.3.</b>	<b>Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000. ....</b>	<b>11</b>
<b>4.4.</b>	<b>Evolución da temperatura media no período 1961-2015. ....</b>	<b>15</b>
<b>5</b>	<b>PRECIPITACIÓN .....</b>	<b>16</b>
<b>5.1.</b>	<b>Precipitación acumulada mensual Xuño 2015. ....</b>	<b>16</b>
<b>5.2.</b>	<b>Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....</b>	<b>17</b>
<b>5.3.</b>	<b>Días de chuvia en xuño de 2015 .....</b>	<b>18</b>
<b>5.4.</b>	<b>Evolución da precipitación en xuño de 2015 .....</b>	<b>20</b>
<b>6</b>	<b>VENTO .....</b>	<b>21</b>
<b>7</b>	<b>RADIACIÓN SOLAR .....</b>	<b>25</b>
<b>7.1.</b>	<b>Mapa de irradiación solar mensual. ....</b>	<b>25</b>
<b>7.2.</b>	<b>Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....</b>	<b>26</b>
<b>8</b>	<b>RAIOS. ....</b>	<b>27</b>

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 12-08-2015**

**Mes cálido e moi seco, especialmente na provincia de A Coruña.**

## **1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES**

O mes de xuño quedou marcado pola elevada frecuencia de situacións anticiclónicas que achegaron estabilidade, condicións de tempo seco e soleado e masas de aire cálido procedente do sur da península Ibérica e o norte de África.

Unha das excepcións a este comportamento a vimos precisamente no primeiro día do mes, cando unha baixa pouco profunda achegou aire máis fresco e húmido procedente do Atlántico, deixando un día de temperaturas suaves, nubes e mesmo algunha chuvía feble. Sen embargo, entre as xornadas do 2 e a do día 10 as condicións foron anticiclónicas. Así, os días 2 e 3 foron en xeral de sol e ascenso térmico. Este ascenso de temperaturas, xunto coa presenza dunha baixa térmica no centro da península Ibérica, deixou tormentas intensas nas xornadas do 4 e o 5 principalmente en áreas do leste de Ourense e Lugo. Isto non impediu que as temperaturas estes días fosen elevadas.

Nas xornadas entre o 6 e o 10 continuaron a rexistrarse tormentas, desprazándose a outros puntos da Comunidade, sendo o 8 o día no que máis raios contabilizou a rede de medidas, con 1426 raios rexistrados. Nese período, entre o 6 e o 10, compre tamén destacar a intensidade dos ventos. O feito de manterse o anticiclón estacionario ao norte da península Ibérica e a presenza da baixa térmica facía que as isóbaras se visen comprimidas no entorno de Galicia, polo que os ventos de nordés foron intensos, en particular no litoral da Coruña, onde houbo que sinalar avisos amarelos nesas datas. Tamén continuaron as elevadas temperaturas, destacando como xornadas máis cálidas dese período as do 6, 7 e 8.

Entre o días 11 e 15 vivimos a única situación de baixas presións de todo o mes. Un área de aire frío en altura alimentou una pequena borrasca moi preto de Galicia, que durante eses días deixou unha importante baixada das temperaturas, un aumento das nubes e algunhas chuvias, en xeral de pouca intensidade.

O día 16 as altas presións entraron novamente en forma de cuña dende Azores e a partir do 17 volveron a localizarse ao norte da península Ibérica, polo que foron achegando una masa de aire cálido e seco procedente do norte de África. A presenza desta masa de aire cálido

fíxose patente en Galicia principalmente nas xornadas do 19, 20 e 21, con temperaturas extremas durante o día, que en puntos do interior superaron os 35°C.

Este anticiclón debilitouse lixeiramente no período entre o 22 e o 23, o que propiciou a entrada dunha masa de aire atlántico, polo tanto máis fresca e húmida que deixou néboas costeiras que fixeron descender de xeito moi significativo as temperaturas no litoral o día 22 e nubes baixas que entraron ao interior na xornada do 23.

A partir do 24 un novo anticiclón pasou a dominar de novo a situación meteorolóxica, foi deixando o ceo despexado e de novo as temperaturas colleron una traxectoria ascendente. Unha nova masa de aire africano comezou a achegarse a Galicia, con temperaturas extremas nas 3 derradeiras xornadas do mes, destacando a situación do 29 cando o aviso de temperaturas extremas foi laranxa en puntos da provincia de Ourense onde se superaron os 40°C, incluíndo a capital de provincia.

## **2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Nas Figuras 1 e 2, móstranse os mapas de anomalía de presión en superficie e en 500 hPa, respectivamente. En ámbolos dous casos as anomalías foron positivas sobre Galicia, debido a presenza predominante das altas presións entre Francia e as Illas Británicas. Esta situación sinóptica impediu a entrada de fronteas e en xeral a influencia das borrascas que quedaron situadas en latitudes máis ao norte. Isto ocasionou que o mes fose cálido e seco en xeral, xa que quedou sen o aporte das precipitacións típicas das entradas de ventos do suroeste.



### Anomalías de presión atmosférica a nivel medio do mar. Xuño 2015




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

### Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Xuño 2015




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.



### 3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (Coruña-TorreHércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-A Granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI).

O valor climático corresponde co promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

#### A CORUÑA

	XUÑO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	16.7	19.1 (2005)	14.2 (1972)
Tª mínima media	14.7	13.7	15.7 (2004)	11.5 (1946)
Tª mínima absoluta	12.1 (día 11)	4.2 (07/06/1936)		
Tª mínima máis alta	16.6 (día 28)	20.2 (16/06/2000)		
Tª máxima media	20.4	19.8	22.7 (2005)	16.6 (1972)
Tª máxima absoluta	23.9 (día 29)	34.8 (03/06/1980)		
Tª máxima máis baixa	17.2 (día 16)	13.0 (10/06/1966)		
Precipitación acumulada	1.1	25-45	142 (1935)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1 mm)	1	7	18 (1935)	1 (1962)

*Comentario:* Mes lixeiramente cálido, tanto para as máximas, mínimas e medias.

A precipitación foi moi escasa, cun valor próximo ao mínimo da serie do ano 1962, polo que o mes considérase moi seco. So houbo un día de precipitación, igualando o mínimo da serie do ano 1962.

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación: 1931-2015 Temperatura: 1948-2015

**SANTIAGO**

	XUÑO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.4	17.2	20.1(2005)	15.5 (1992)
Tª mínima media	13.2	12.2	14.2 ( 2004)	11.2 (1992)
Tª mínima absoluta	8.0 (día 2)	4.8 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	16.4(día 28)	22.9 (27/06/2012)		
Tª máxima media	25.5	22.3	26.0 (2005)	19.8 (1992)
Tª máxima absoluta	36.3 (día 29)	36.9 (25/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.2 (día 12)	11.3 (02/06/1984)		
Precipitación acumulada	7.5	35-57	143 (2009)	7 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	2	8	20 (1997)	1 (1996)

*Comentario: Temperaturas máximas moi cálidas (máis de tres grados por riba do normal). Mínimas e medias cálidas.*

*En canto á precipitación o mes considérase moi seco, cun valor próximo aos 7 mm do ano 2011, mínimo da serie. O número de días de chuvia tamén foi moi baixo (dous días) con respecto aos valores climáticos.*

\* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

**LUGO**

	XUÑO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.4	16.6	20.3 (2000)	13.4 (1972)
Tª mínima media	12.0	11.1	13.8 (2005)	8.9 (1972)
Tª mínima absoluta	5.2 (día 13)	0.0 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	15.2 (día 28)	19.0 (19/06/1998)		
Tª máxima media	24.8	22.2	27.6 (1976)	17.9 (1972)
Tª máxima absoluta	34.8 (día 29)	39.0 (17/06/2000)		
Tª máxima máis baixa	16.4 (día 12)	11.0 (07/06/1992)		
Precipitación acumulada	16.2	26-45	169 (2010)	3 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	2	7	16 (1982)	1 (2011)

*Comentario: Mes cálido tanto para mínimas, máximas e medias.*

*A chuvia rexistrada (16.2 mm) foi inferior aos valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia é moito menor ó agardado.*



\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015

**PONTEVEDRA (LOURIZÁN)**

	XUÑO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.4	17.9	21.1 (2004)	15.4 (1972)
Tª mínima media	14.3	12.4	15.3 (2004)	10.2 (1972)
Tª mínima absoluta	8.6 (día 2)	4.6 (05/06/1984)		
Tª mínima máis alta	19.1 (día 8)	19.5 (14/06/2003)		
Tª máxima media	26.5	23.4	27.2 (1976)	20.4 (1977)
Tª máxima absoluta	35.1 (día 19)	39.6 (19/06/2003)		
Tª máxima máis baixa	18.2 (día 13)	14.0 (04/06/1963)		
Precipitación acumulada	11.8	39-63	229 (1974)	1 (1962)
Días de chuvia (≥1mm)	3	7	15 (2012)	0 (1962)

*Comentario: Mes moi cálido para as máximas e cálido para as mínimas e medias.**A precipitación estivo moi por debaixo dos valores normais, polo que o mes cualifícase como moi seco. O número de días de chuvia tamén por debaixo dos valores agardados.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2015. Temperatura: 1958-2015

**OURENSE**

	XUÑO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.2	19.5	23.8 (2004)	16.4 (1977)
Tª mínima media	13.2	12.2	15.6 (2004)	10.4 (1977)
Tª mínima absoluta	6.5 (día 13)	2.4 (03/06/1975)		
Tª mínima máis alta	17.5 (día 23)	22.1 (27/06/2012)		
Tª máxima media	31.2	26.7	32.0 (2004)	22.4 (1977)
Tª máxima absoluta	36.3 (día 29)	40.9 (26/06/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.2 (día 12)	12.6 (03/06/1984)		
Precipitación acumulada	15.4	24-30	127 (1988)	0 (2011)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	14 (1988)	0 (2011)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperatura máximas, para as mínimas e medias o mes considérase cálido.**A precipitación rexistrada é inferior ó rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. O número de días de chuvia tamén é inferior o agardado.*

\* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2015. Temperatura: 1972-2015






## 4 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral moi por riba das agardadas nun mes de xuño debido á presenza das altas presións, pero sobre todo debido a súa localización, xa que con frecuencia situáronse ao norte da península Ibérica, propiciando o achegamento de masas de aire africano e polo tanto situación de temperaturas moi elevadas durante o día. Isto explica tamén o feito de que a anomalía sexa máis importante no caso das máximas que no das mínimas.

### 4.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 24.5 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta montaña de Ourense e no litoral norte da Comunidade (entorno aos 17°C) e os valores máis altos (entorno aos 31°C) nas comarcas do Carballiño, O Ribeiro e Verín.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2015.



## 4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño para o territorio galego foi de 11.6°C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no Macizo de Manzaneda e zonas da comarca da Limia (preto de 8°C) e os máis altos (próximos aos 15 °C) nas Rías Baixas.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2015.





#### 4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de xuño, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +2.48 °C, polo que o mes considérase cálido. En toda a Comunidade estes valores foron positivos, sendo os máis baixos na Mariña luguesa (entorno a 1°C) e os máis altos, por riba de 3°C en áreas do leste de Lugo e Ourense.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xuño respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. Son moitos os concellos que tiveron anomalías positivas maiores de 3°C, polo que estes poden considerarse moi cálidos.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	4.4
Castrelo do Val	Ourense	4.1
Verín	Ourense	4.0
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.0
Oímbra	Ourense	3.9
Ríós	Ourense	3.9
Vilariño de Conso	Ourense	3.9
Samos	Lugo	3.7
Mezquita (A)	Ourense	3.7
Cervantes	Lugo	3.7

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de xuño de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Burela	Lugo	0.7
Xove	Lugo	0.7
Viveiro	Lugo	0.8
Foz	Lugo	0.9
Fisterra	A Coruña	0.9
Lourenzá	Lugo	1.0
Ribadeo	Lugo	1.0
Cervo	Lugo	1.0
Mondoñedo	Lugo	1.0
Carnota	A Coruña	1.0

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de xuño de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente na Mariña lucense. Destácase que non hai anomalías inferiores a +0.7°C, que xa representa zonas cálidas para este mes.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na xornada do 29 acadáronse os valores máis altos de temperatura, superándose en moitas localidades os 30°C.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2015</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
29/06/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	40.7
29/06/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	40.6
29/06/2015	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	40.6
29/06/2015	Ourense	Ourense	Ourense	40.1
29/06/2015	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.1
29/06/2015	Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.4
29/06/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	38.8
29/06/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	38.7
29/06/2015	Laza	Laza	Ourense	38.6
29/06/2015	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	38.3

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2015 a altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2015</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
29/06/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	34.8
29/06/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	34.0
29/06/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	33.1
29/06/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	32.0
29/06/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	31.7
29/06/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	31.7
29/06/2015	Xurés	Muiños	Ourense	31.4
29/06/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	30.8
29/06/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	30.3
29/06/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	30.3

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 13 presentou as mínimas máis baixas que mesmo acadaron valores típicos doutras estacións do ano.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2015</b>				
<b>por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
13/06/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-0.5
12/06/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.4
13/06/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	0.5
13/06/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.5
13/06/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	1.7
13/06/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	2.5
13/06/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.5
13/06/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	3.0
13/06/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.3
12/06/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	3.7

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2015 altitude superior a 1000 m.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2015</b>				
<b>por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
13/06/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.3
13/06/2015	Baltar	Baltar	Ourense	0.0
11/06/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	2.1
13/06/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	2.4
02/06/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	2.4
13/06/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	2.9
13/06/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	3.4
13/06/2015	Riós	Riós	Ourense	3.4
02/06/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	3.5
13/06/2015	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	3.8

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2015 altitude inferior a 1000m.

#### 4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 19.4 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para xuño.

A anomalía media para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 2.25°C, o que fai que o mes poida considerarse cálido. É o valor máis alto dende o ano 2006.





Figura 8: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ó período 1971-2000.



## 5 PRECIPITACIÓN

As chuvias, principalmente de carácter treboento, estiveron en xeral por debaixo do agardado nun mes de xuño. Non se rexistraron situacións de chuvias persistentes e xeneralizadas con ventos do suroeste que son as que deixan cantidades importantes de precipitación en Galicia. Na media de xuño obtida a partir dos valores do mapa foi de 14 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis altos (entre 40 e 60 L/m<sup>2</sup>) acadáronse en zonas de Ourense e Lugo por mor das treboadas.

### 5.1. Precipitación acumulada mensual Xuño 2015




**Figura 8:** Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2015.





## 5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.


No mapa da figura 5 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto a os valores climáticos., sendo o 100% o valores normal. Toda a Comunidade rexistrou valores moi inferiores aos agardados, agás certos puntos de Lugo e Ourense por chuvias treboentas. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 25%, é dicir, choveu un 25% do que sole ser habitual nun mes de xuño. Neste ocasión, a provincia da Coruña foi a que acadou os valores máis baixos, non superando en case ningún punto o 20%.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de xuño de 2015.

### 5.3. Días de chuvia en xuño de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a  $1 \text{ L/m}^2$ ) foi de 2.9. Os valores máximos obtivéronse na Comarca de Terra de Trives, onde case se acadan os 9 días de chuvia. Os valores máis baixos estiveron principalmente na provincia da Coruña, e no interior da Comunidade, onde houbo casos nos que non se acadaron valores de precipitación acumulada diaria superior a  $1 \text{ L/m}^2$ .



**Figura 10:** Días de chuvia superior a  $1 \text{ L/m}^2$  durante o mes de xuño de 2015.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xuño. Destácase que os valores acadados, rexistráronse en moi poucos días de chuvia tal e como reflicte a Figura 10. En canto á táboa 8 indica a precipitación máxima recollida en 24 h tendo en conta o instante de inicio. Na xornada do día 13 rexistráronse nalgunhas localidades os valores máis altos.

Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	75
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	50
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	45
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	43
Courel	Folgozo	Lugo	43
Pol	Pol	Lugo	43
Ancares	Cervantes	Lugo	43
A Pontenova	A Pontenova	Lugo	40
Xares	A Veiga	Ourense	38
Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	34

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Pol	Pol	Lugo	38	04/06/2015 5:50
VCampus	Vigo	Pontevedra	27	13/06/2015 14:40
Ancares	Cervantes	Lugo	24	07/06/2015 15:50
Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	23	03/06/2015 16:10
Rodicio	Maceda	Ourense	19	13/06/2015 17:20
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	19	06/06/2015 14:50
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	19	13/06/2015 16:50
Caldas	Caldas de Reis	Pontevedra	19	13/06/2015 16:10
Soutomaior	Soutomaior	Pontevedra	19	13/06/2015 17:10
Xares	A Veiga	Ourense	18	09/06/2015 3:30

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2015.



### 5.4. Evolución da precipitación en xuño de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 12 L/m<sup>2</sup>.




Figura 12: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 75% por debaixo do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse como moi seco. O ano máis próximo con valores similares foi o 2011, ano no que as precipitacións foron un 89% inferiores ás habituais.




Figura 13: Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1971-2000.





## 6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de xuño. Só houbo un caso no que se superaron os 100 km/h no mes de xuño en Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xuño				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
08/06/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	121.7

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores ós 100 km/h en xuño de 2015.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	95.0	NE	14	<p>INTENSIDADES POR DEBARRAS COA DIRECCIÓN # Lira-A # 062015</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Lira-A # 062015</p>
		Día 9				
Pta. Candieira	Cedeira	121.7	NE	10	<p>INTENSIDADES POR DEBARRAS COA DIRECCIÓN # PCandieira-A3 # 062015</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # PCandieira-A3 # 062015</p>
		Día 8				
Malpica	Malpica	77.9	E	7	<p>INTENSIDADES POR DEBARRAS COA DIRECCIÓN # Malpica-A2 # 062015</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Malpica-A2 # 062015</p>
		Día 9				









PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	53.1	E	10		
		Día 7				
Río do Sol	Coristanco	55.0	NE	5		
		Día 10				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de Xuño de 2015 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	48.0	E	11		
		Día 7				
Ancares	Cervantes	65.1	NE	16		
		Día 8				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de Xuño de 2015 na provincia de Lugo



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	56.2	SE	18		
		Día 7				
Rodicio	Maceda	70.4	NE	11		
		Día 8				
Gandarela	Celanova	52.4	NO	47		
		Día 8				

**Táboa 12:** Resumo do vento no mes de Xuño de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	55.2	S	18		
		Día 7				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	66.5	NE	7	<p>INTENSIDADES POR DEBARRAS COA DIRECCIÓN # Ons-A4 # 862915</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO EN CADA DIRECCIÓN (m/s) # Ons-A4 # 862915</p>
		Día 9				


**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de Xuño de 2015 na provincia de Pontevedra.





## 7 RADIACIÓN SOLAR

### 7.1. Mapa de irradiación solar mensual



1673 1992 2311 2631

**Figura 13:** Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de xuño de 2015.



## 7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal





Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.


## 8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 4786 raios en Galicia, que se deron principalmente na primeira quincena do mes. As provincias de Lugo e Ourense foron as que recibiron unha maior cantidade de raios.



**Figura 15:** Número de raios rexistrados en Galicia en xuño de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.



**Figura 16:** Número de raios rexistrados por provincias en xuño 2015.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 6

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Lugo</b>																											
A Pontenova	14.7	19.6	31.9	30	11.8	7.6	13	40	17.3	4	-	91	99	74	35	160	1608	-	-	--	-	-	--	-	-	16	0
Abradelo	17.3	25.4	35.6	29	10.9	6.7	13	19	5.9	4	-	72	95	43	64	291	2483	-	-	--	-	-	--	-	-	7	0
Alto de Cerredo	15.9	21.7	31.5	29	11.4	6.3	13	16	7.3	4	--	77	95	53	-	-	-	5	46	4	911		5	0			
*Alto do Faro	15.8	22.6	32.0	29	10.3	4.4	13	3	0.9	14	-	75	96	47	-	-	-	8	38	10	924		5	0			
*Alto do Poio	15.7	20.8	30.8	29	11.1	3.3	13	10	6.1	14	-	64	90	41	-	-	-	8	48	7	-		6	0			
Ancares	15.8	21.1	30.3	29	11.2	3.0	13	43	16.0	7	-119	64	90	41	65	296	2455	12	65	8	868		7	0			
*Borreiros	17.0	21.7	26.7	29	12.8	6.5	2	10	4.9	6	-104	80	94	61	39	179	1837	4	30	11	1012		7	0			
Bóveda	19.2	28.0	37.7	29	11.5	5.0	13	9	5.7	14	-164	69	94	38	67	301	2483	7	41	5	969		2	0			
Burela	14.0	16.4	25.9	30	12.4	9.5	11	26	6.1	6	-44	94	100	84	26	118	1455	14	48	7	971		12	0			
Campus Lugo	17.6	24.8	34.8	29	12.0	5.2	13	16	13.2	14	-142	73	91	46	61	276	2459	7	46	6	972		6	0			
Castro R. de Lea	16.5	23.8	33.2	30	11.3	4.4	2	6	2.7	13	-	87	100	57	54	247	2170	-	-	--	971		5	0			
Conchada	18.9	27.2	36.9	29	12.3	6.8	13	7	5.0	14	-	71	96	43	-	-	-	-	-	--	-		3	0			
Corno do Boi	15.3	22.4	34.1	29	10.1	5.5	13	9	4.7	12	-132	82	100	52	62	279	2416	12	54	10	-		7	0			
Courel	18.3	26.8	36.7	29	11.5	6.4	13	43	16.3	14	-130	65	91	34	65	293	2443	6	50	8	930		8	0			
*Fontaneira	15.7	22.1	30.8	30	10.8	4.9	13	18	8.8	4	-133	77	95	53	62	281	2528	4	32	11	914		5	0			
Foz	16.3	19.5	22.9	30	13.5	8.0	2	18	5.0	5	-	86	96	73	30	136	1511	-	-	--	1012		11	0			
Fragavella	14.0	18.0	29.4	30	10.3	5.0	11	32	9.6	6	-60	90	99	73	38	174	1749	12	54	10	951		20	0			
Guitiriz	15.1	21.7	31.5	29	10.5	7.1	13	5	1.9	12	-127	80	97	53	59	266	2358	15	62	9	941		8	0			
*Labrada	14.0	18.8	29.8	30	10.5	6.1	11	21	6.4	13	-87	86	98	64	44	199	1987	9	42	17	-		17	0			
*Lanzós	15.5	22.7	32.1	29	8.7	2.1	11	10	4.7	13	--	79	96	54	-	-	-	3	39	9	964		5	0			
*Lourenzá	17.0	21.4	27.9	30	13.2	7.6	13	12	5.6	13	-	84	97	66	-	-	-	5	38	9	-		10	0			
Marroxo	18.1	26.3	36.0	29	12.3	7.8	12	13	7.8	14	-145	72	95	41	53	238	2289	5	41	7	946		5	0			
*Míllara	19.7	28.9	39.4	29	13.0	6.6	13	7	5.2	14	-	69	94	39	-	-	-	7	45	6	-		4	0			
*Morelle	18.3	27.4	37.4	29	10.9	5.0	13	12	6.0	25	-141	75	98	44	53	242	2288	4	31	6	970		7	0			
O Cebreiro	15.7	22.7	32.0	29	10.0	2.5	13	43	23.0	4	-105	70	95	46	55	251	2614	12	46	5	874		12	0			
O Xipro	15.9	23.2	33.2	30	10.1	5.8	13	10	3.5	4	-130	79	98	51	55	248	2409	10	47	4	929		8	0			
*Olveda	17.2	25.9	37.3	29	10.1	5.1	13	3	0.7	14	-157	77	99	43	62	279	2465	4	26	11	-		7	0			
Pedro Murias	16.8	19.5	22.5	29	14.1	10.0	2	22	7.8	1	-81	87	95	77	41	188	1855	8	42	6	1015		12	0			
Penedo do Galo	13.7	17.1	24.7	30	11.4	8.4	12	28	7.3	6	-	84	94	67	36	166	1741	-	-	--	-		17	0			
Pol	15.5	22.7	33.1	30	10.7	8.1	16	43	37.7	4	-	83	100	54	62	280	2381	-	-	--	945		6	0			
Portomarín	17.9	27.2	37.4	29	10.7	4.8	13	3	2.4	14	-	73	97	40	59	265	2298	-	-	--	968		6	0			
Sambreixo	16.0	23.6	33.8	29	9.0	2.4	2	6	2.4	12	-	77	95	48	59	268	2262	-	-	--	-		9	0			
*San Clodio	21.1	30.4	40.6	29	12.4	6.8	13	5	5.2	14	-	66	95	35	-	-	-	3	26	9	988		2	0			
*San Fiz	18.9	27.0	36.3	29	12.8	6.4	13	8	4.2	14	-164	72	93	44	56	251	2513	6	39	13	973		12	0			
Ventosa	16.1	23.3	34.1	29	10.0	3.8	13	29	11.1	4	-125	75	96	46	60	274	2442	9	48	18	916		6	0			
*Vilamor	16.5	20.4	26.4	30	13.3	6.8	13	19	3.8	13	-85	80	90	64	32	146	1677	6	40	10	-		9	0			
*Xabrega	19.3	28.3	38.1	29	12.0	6.5	13	10	7.4	14	-	66	90	36	-	-	-	5	33	4	981		7	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





